

ESTRUTURA DO CURRÍCULUM VITAE

ENCABEZAMENTO

É un apartado opcional

Existen varias alternativas. Exemplos:

Escribe: **CURRÍCULUM VITAE**

Ou ben: **NOME E APELIDOS** (con ou sen outros datos persoais como o correo electrónico, data de nacemento, enderezo postal, etc.)

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos

Poden figurar aquí ou como encabezamento

NIF

É opcional. Se o indicas, non separes os números con puntos nin con espazos

Enderezo

Convenche poñelo cando vives nunha zona xeográfica próxima á empresa

Data de nac.

Escríbese a data completa (día/mes/ano)

Estado civil

É opcional

Teléfono(s)

En primeiro lugar, indica o teléfono co que contacten máis facilmente contigo

Correo electrón.

O teu enderezo electrónico debe proxectar profesionalidade: que sexa formal

Sitio web, blog

Enderezo web, blog, redes sociais (*Linkedin, Facebook, Twitter...*) se é o caso

Permiso de conducir

Vehículo propio

Podes incluír este dato aquí ou ao final do teu currículo, no apartado de "Outros Datos de Interese"

EmpregoUDC

FORMACIÓN ACADÉMICA

Título obtido. Especialidade.

Entidade que certifica. Data de remate

- Recoméndase pór a data de inicio se remataches os estudos no tempo esperado.
- Recoméndase pór o título do Proxecto Fin de Carreira (PFC) ou de Grao (PFG) se é de interese.

Título de doutoramento

Tese de doutoramento

Título de mestrados oficiais

Títulos propios

Cursos de especialización

Entidade que certifica. Data de remate

Pódese poñer o doutoramento ou os mestrados antes do título académico se son máis significativos para unha oferta concreta.

Outras titulacións oficiais

Entidade que certifica. Data de remate

Ex.: Cursos de Formación Profesional Específica, Continua e Ocupacional

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Cursos, xornadas, seminarios

- Nome do curso
- Entidade que certifica
- Duración en horas
- Data de remate

- Selecciona aqueles máis actualizados e relacionados coa oferta á que optas.
- Se son seminarios ou xornadas curtas, non é necesario especificar as horas.

Idiomas

Nome do idioma

- Nivel adquirido (A1, A2, B1, B2, ...)
- Estadía no país (duración)
- Cursos realizados. Certificados. Entidades.
- Remate

Se se posúe experiencia profesional co idioma ou inmersión lingüística, convén especificalo.

Informática

- Sistemas operativos e contornos gráficos. Versións.
- Procesadores de texto. Versións.
- Aplicacións: estatísticas, contables, deseño gráfico, etc. Versións.
- Redes
- Linguaxes de programación. Nivel.
- Cursos

Se se posúe experiencia profesional coas linguaxes, aplicacións, programas., convén especificalo.

Convén especificar o nivel de coñecemento: usuario, usuario avanzado, profesional e experto

EmpregoUDC

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Data de inicio / data de remate

Indícaaas en día/mes/ano

Nome da empresa
Sector. Localización

- Non é obrigatorio pór o nome da empresa
- No caso de non o indicares, especifica o sector
- Recoméndase sempre pór o sector cando pertence ao mesmo que a empresa emisora da oferta.

Cargo / Posto

- Ex: Prácticas de Enxeñeiro/a Industrial
- Ex: Enxeñeiro/a Técnico Industrial
- Ex: Técnico/a de Prevención de Riscos
- Ex: Consultor/a Medioambiental

Funcións, logros, metas

- Descríbe as funcións utilizando verbos de acción ou verbos substantivados.

Exs.: **Elaborar** / Elaboración de manuais de PRL
Coordinar / Coordinación de equipos
Deseñar / Deseño de programas informáticos
Mantemento de máquinas

- Exemplo de logro: Incrementar as vendas tras o deseño e implementación dun programa de formación de vendedores técnicos nun 15%.
- Podes prescindir das funcións ou tarefas que non se relacionen coas do posto ao que optas.
- Non especificques as funcións cando estas son inherentes ao posto e non aclaran nada a maiores.

Publicacións

- Se se teñen traballos publicados de relevancia para a empresa, a oferta concreta ou para o sector de actividade.
- Acostuma ser un mérito importante para determinados postos da Administración Pública.

EmpregoUDC

OBXECTIVO PROFESIONAL

- **Recoméndase indicar este dato cando o teu obxectivo se relaciona coa oferta á que aspiras.**
- **A localización desta epígrafe pode variar no CV:**
 - Pode ir ao comezo do currículum antes ou despois dos “Datos Persoais”
 - Pode ir ao final ou integrada en “Outros Datos de Interese”

OUTROS DATOS DE INTERESE

Disponibilidade

- Incorporación inmediata
- Permiso de conducir (pode ir en “Datos Persoais”)
- Vehículo (pode ir en “Datos Persoais”)
- Disponibilidade xeográfica

Outras experiencias laborais

- Non as describas polo miúdo
- Inclúe: colaboracións, traballo como autónomo, traballos esporádicos de estudante e de voluntariado, xestión de asociacións, etc.

Afeccións

- Indícaaas con brevidade
- Interesantes: aquelas nas que desenvolves competencias que son útiles para un traballo concreto ou que supoñen un enriquecemento como persoa.

A orde dos epígrafes pode variar en función do “peso” ou relevancia de cada un deles no teu CV con relación a unha oferta de traballo ou de prácticas.